



Memoria económica e de transparencia do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Cualedro para o proxecto senlleiro de rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes na categoría de "promoción e posta en valor da patrimonio histórico da comarca."

Expediente: CNV24_09

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.





- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros

(https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadossenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.





- Interese público e social: O 19 de xaneiro de 2024 o concello presentou unha solicitude de colaboración, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro de rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes dentro da categoría "Promoción e posta en valor da patrimonio histórico da comarca".

A finalidade deste proxecto é a realización dunha serie de actuacións de rehabilitación e posta en valor desta ruta dos muíños situada nun entorno natural, no que os muíños inseríronse de tal maneira que poden aproveitar as augas do Río Baldriz e moer os cinco a mesma vez.

Esta posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes, a súa sinalización así como a rehabilitación dos mesmos, supoñen un reclamo para o público onde poderán desfrutar da ruta e dos elementos que compoñen

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade do proxecto do Concello de Cualedro reside na rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes. Atopámonos ante un espazo singular cun reclamo cultural que mantén a historia do lugar conservando os elementos estruturais propios dos muíños e da contorna. O mantemento e rehabilitación da ruta, con especial atención aos elementos de madeira; a instalación de mesas informativas no entorno de cada un dos muíños para proporcionar información de distintos aspectos dos mesmos e a conservación e mantemento tanto da estrutura, como da cuberta e dos elementos internos, de cada un dos muíños baixo a supervisión de arqueólogos e de restauradores, procurarán que as labores non desvirtúen as características tradicionais destes muíños.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca materialízase no uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos así como ofrecer a súa visita como complemento cultural e social.

Debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas

Neste caso a memoria presentada polo Concello de Cualedro propón a realización de varias actuacións para a rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes. As actuacións propostas están destinadas á conservación, valorización e rehabilitación tanto dos propios elementos como da contorna, buscando conservar e manter a configuración estrutural actual, a envolvente exterior e os seus elementos significativos sen cambio na configuración estrutural nin dos materiais existentes.

Todas estas actuacións facilitarán a relación veciñal na preservación dos valores sociais no medio rural o que incentiva a necesidade que ten esta Axencia en potenciar a recuperación do patrimonio histórico, cultural e social que manteñan a historia da comarca nese nexo de encontro veciñal.





Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

A) Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, ou por teren un marcado significado histórico para a comarca na que se sitúan, por pertencer a correntes artísticas recoñecidas, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características tradicionais, priorizando o seu uso tradicional.

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Cualedro queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 02.12.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

- PROXECTO: "Rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes" dentro da categoría "Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca".
- ORZAMENTO: noventa e seis mil euros (96.000,00 €), para a anualidade 2024.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2024 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de





operativo		funcionamento)
-----------	--	----------------

Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2024	96.000,00 €
	96.000,00 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 02.12.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

Orzamento desglosado e descrición por partidas

ORZAMENTO			
Nº	Descrición dos capítulos	%	Importe
01	Sinalización estrada N-525 - As Mercedes	3,52	2.346,92 €
02	Actuacións no Camiño da Ruta dos Muíños	18,83	12.555,48 €
03	Actuacións de Rehabilitación dos Muíños	65,00	43.338,89 €
04	Asistencia técnica	12,64	8.430,00 €
Orzamento de execución material			66.671,29 €
Gastos xerais 13%			8.667,27 €
Beneficio industrial 6%			4.000,28 €
Total orzamento contrata sen IVE			79.338,84 €
I.V.E 21%			16.661,16 €
Total orzamento contrata con IVE			96.000,00 €

Capítulo	Descrición	Cantidade	Prezo	Importe
1 Sinalización estrada N-525 - As Mercedes 2.346,92 €	Sinal orientativa refl 40x70 cm	4,00 ud	188,63 €	754,52 €
	Reaproveitamento sinal informativa tipo CN-00	2,00 ud	796,20 €	1.592,40 €





REHABILITACIÓN DA RUTA DOS MUIÑOS DAS MERCEDES				
2 Actuacións no Camiño da Ruta dos Muíños 12.555,48 €	Actuacións no Camiño da Ruta dos Muíños			
	Desbroce e limpeza manual con densidade media	696,23 m ²	1,01 €	703,19 €
	Acondicionamiento manual de senda	612,10 m ²	1,38 €	844,70 €
	Varanda dobre postes de madeira dia 12/10 cm inst	78,00 m	44,78 €	3.492,84 €
	Pavimento madeira piñeiro 195x45 mm exteriores	12,00 m ²	60,67 €	728,04 €
	Tratamento xilófago pincelado mad vella	4,20 m ³	179,52 €	753,98 €
	Solado con lousa de pedra granítica ou caliza	9,60 m ²	63,59 €	610,46 €
	Sinal direccional tipo CN-03, instalada	6,00 ud	253,37 €	1.520,22 €
	Mesa temática tipo CN-10, instalada	5,00 ud	780,41 €	3.902,05 €
	Muíño do Aleixo			
	Desbroce e limpeza manual con densidade alta	128,50 m ²	1,83 €	235,16 €
	Limpeza fabrica cachotería en seco c/r	64,50 m ²	12,38 €	798,51 €
	Muro pedra natural xunta seca	10,50 m ²	122,00 €	1.281,00 €
	Desmontaxe cuberta de pizarra a man	19,50 m ²	6,67 €	130,07 €
Desmontaxe entaboadado cuberta	19,50 m ²	5,96 €	116,22 €	
Desmontaxe armazón de cuberta madeira a man	4,88 m ²	21,00 €	102,48 €	
Cabio madeir carballo 7x10 cm	8,00 m	30,17 €	241,36 €	
Entaboadado cuberta carballo 120x30 mm	19,50 m ²	76,02 €	1.482,39 €	
Cuberta lousa irregular 1 cm	19,50 m ²	34,66 €	675,87 €	
Tratamento xilófago pincelado mad vella	2,60 m ³	179,52 €	466,75 €	
Rehabilitación de pezas de muíño. Muíño do Aleixo	1,00 PA	1.550,00 €	1.550,00 €	
3 Actuacións de Rehabilitación dos Muíños	Muíño do Tío Serafín			
	Desbroce e limpeza manual con densidade alta	15,00 m ²	1,83 €	27,45 €
	Limpeza fabrica cachotería en seco c/r	106,75 m ²	12,38 €	1.321,57 €
	Muro pedra natural xunta seca	15,00 m ²	122,00 €	1.830,00 €
	Desmontaxe cuberta de	24,75 m ²	6,67 €	165,08 €





43.338,89 €	pizarra a man			
	Desmontaxe entaboado cuberta	24,75 m2	5,96 €	147,51 €
	Desmontaxe armazón de cuberta madeira a man	7,43 m2	21,00 €	156,03 €
	Cabio madeir carballo 7x10 cm	15,00 m	30,17 €	452,55 €
	Entaboado cuberta carballo 120x30 mm	24,75 m2	76,02 €	1.881,50 €
	Cuberta lousa irregular 1 cm	24,75 m2	34,66 €	857,84 €
	Tratamento xilóf pincelado mad vella	3,51 m3	179,52 €	630,12 €
	Rehabilitación de pezas de muíño. Muíño do Aleixo	1,00 Pa	2.245,00 €	2.245,00 €
	Muíño do Tío Mateo			
	Desbroce e limpeza manual con densidade alta	130,00 m ²	1,83 €	237,90 €
	Limpeza fabrica cachotería en seco c/r	59,75 m2	12,38 €	739,71 €
	Muro pedra natural xunta seca	1,00 m2	122,00 €	122,00 €
	Desmontaxe cuberta de pizarra a man	31,75 m2	6,67 €	211,77 €
	Desmontaxe entaboado cuberta	31,75 m2	5,96 €	189,23 €
	Desmontaxe armazón de cuberta madeira a man	15,88 m2	21,00 €	333,48 €
	Cabio madeir carballo 7x10 cm	30,00 m	30,17 €	905,10 €
	Entaboado cuberta carballo 120x30 mm	31,75 m2	76,02 €	2.413,64 €
	Cuberta lousa irregular 1 cm	31,75 m2	34,66 €	1.100,46 €
	Trat xilóf pincelado mad vella	3,76 m3	179,52 €	675,00 €
	Rehabilitación de pezas do muíño. Muíño Tio Mateo	1,00 Pa	3.060,00 €	3.060,00 €
	Muíño do Tío Berto			
	Desbroce e limpeza manual con densidade alta	150,00 m ²	1,83 €	274,50 €
	Limpeza fabrica cachotería en seco c/r	55,25 m2	12,38 €	684,00 €
	Muro pedra natural xunta seca	2,50 m2	122,00 €	305,00 €
	Desmontaxe cuberta de pizarra a man	29,50 m2	6,67 €	196,77 €
	Desmontaxe entaboado cuberta	29,50 m2	5,96 €	175,82 €
	Desmontaxe armazón de	29,50 m2	21,00 €	619,50 €





	cuberta madeira a man			
	Cabio madeir carballo 7x10 cm	24,00 m	30,17 €	724,08 €
	Entaboado cuberta carballo 120x30 mm	29,50 m2	76,02 €	2.242,59 €
	Cuberta lousa irregular 1 cm	29,50 m2	34,66 €	1.022,47 €
	Tratamento xilóf pincelado mad vella	1,00 m3	179,52 €	179,52 €
	Rehabilitación de pezas do muíño. Muíño Tío Berto	1,00 Pa	2.295,00 €	2.295,00 €
	Muíño do Tío Luís			
	Desbroce e limpeza manual con densidade alta	155,00 m ²	1,83 €	283,65 €
	Limpeza fabrica cachotería en seco c/r	59,25 m2	12,38 €	733,52 €
	Desmontaxe cuberta de pizarra a man	29,95 m2	6,67 €	199,77 €
	Desmontaxe entaboado cuberta	29,95 m2	5,96 €	178,50 €
	Demontaxe armazón de cuberta madeira a man	14,98 m2	21,00 €	314,58 €
	Cabio madeira carballo 7x10 cm	16,00 m	30,17 €	482,72 €
	Entaboado cuberta carballo 120x30 mm	29,95 m2	76,02 €	2.276,80 €
	Cuberta lousa irregular 1 cm	29,95 m2	34,66 €	1.038,07 €
	Tratamento xilófogo pincelado mad vella	2,55 m3	179,52 €	457,78 €
	Rehabilitación de pezas do muíño. Muíño Tío Luis	1,00 Pa	1.871,50 €	1.871,50 €
4 Asistencia técnica	Asistencia técnica de Arqueólogo	1,00 PA	4.630,00 €	4.630,00 €
8.430,00 €	Asistencia técnica de Restaurador	1,00 PA	3.800,00 €	3.800,00 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:
-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
-Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do





Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

